



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL  
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13  
15174 CULLEREDO (A Coruña)  
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

Estimadas familias:

Tal como establece o Protocolo de adaptación á situación Covid-19 nos Centros Residencias Docentes e as medidas de actuación nos Centros escolares sostidos con fondos públicos da Comunidade, actualizadas a 31 de agosto, informamoslles das pautas de funcionamento previstas para este curso 2020/21 no Centro Residencial Docente da Coruña:

- **Uso obrigado de máscara en tódolos espazos** do Centro pechados e o aire libre, agás os cuarto propio no que resida. Será obriga do alumnado levar os recambios necesarios para a súa estadía no Centro, así coma o estoxo específico para gardala en caso necesario, por exemplo no comedor.
- **Prohibido o acceso a calquera persoa** allea que non resida no Centro (familiares, compañeros/as)
- Con motivo da covid-19, como medida de prevención non se poderá acceder ao Centro despois das 24.00h.
- O centro conta coas medidas hixiénicas e de prevención contempladas no protocolo de adaptación para Centros Residenciais ( desinfectantes, xeles hidroaclólicos, sinalización de sentidos da marcha, restricción de aforo en espazos común, portapanos entre todas as que se especifican)
- **O incumprimento das medidas sanitarias** establecidas no protocolo covid-19 (non usar máscara, non respectar distancia de seguridade ou desatender calquera outra medida prevista) **serán susceptibles de sanción** considerándose conductas contrarias á convivencia tal como establece o artigo 43 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro (DOG 17 do 27 de xaneiro)
- Toda a información e documentación figura na web do Centro.

Lembramos a importancia de colaboración neste difícil momento que atravesamos, apelando á responsabilidade de tódalas familias de residentes informando de calquera sintomatoloxía compatible coa infección COVID-19 tanto dentro do núcleo de convivencia coma de contacto estreito con algén que a presentase.

Protexerse e protexer a outros é a única vía nestes momentos para frear o avance da covid-19 e permitir que o curso se poida desenvolver ata o final.

### SINTOMATOLOXÍA:

Se durante o curso, presenta alguna sintomatoloxía compatible con covid-19 **NON PODERÁ INCORPORARSE** ao Centro e deberá comunicalo o antes posible.

Se durante o curso presenta sintomatoloxía compatible covid-19 cando está na residencia, procederase a activación de protocolo con ILLAMENTO, comunicando a situación á familia ( ou persoa de contacto) **para que se faga cargo do alumno/a residente.**

Agradecemos a súa colaboración que de seguro nos ofrecerán.

Sendo responsables garantimos a saúde de tódolás persoas que nos rodean.

**IMPORTANTE:** Cada residente debe presentar asinada polo interesado/a e a persoa de contacto (os pais ou titores legais no caso de menores) a declaración responsable (Anexo II) que se achega con esta carta.

Un cordial saúdo

Equipo Docente CRD

Culleredo, setembro 2020